

1. Proclamación da II República (abril-décembro de 1931)

1. O detonante: As eleccións municipais (abril de 1931)

- **Data:** 12 de abril de 1931.
- **Resultados:** Aínda que as candidaturas monárquicas obtiveron máis concelleiros en total, os **republicanos triunfaron nas principais cidades** e en 40 das 50 capitais de provincia.
- **Significado:** As eleccións convertéronse nun **plebiscito contra a monarquía** de Alfonso XIII, que perdeu a súa lexitimidade.

2. A proclamación e o Goberno Provisional

- **13 de abril:** O rei Alfonso XIII presenta a súa renuncia ante a falta de apoios.
 - Evitar "guerra civil fratricida", mais non renuncia os dereitos históricos.
- **14 de abril:** Proclamación oficial da República entre manifestacións de **entusiasmo popular** e o izado da **bandeira tricolor**.
- **Goberno Provisional:** O Comité Revolucionario asume o poder baixo a presidencia de **Niceto Alcalá Zamora**.
 - O executivo incluía republicanos de esquerda (IR, PRRS), centro (PR), dereita (DLR), nacionalistas cataláns (ERC), galeguistas (ORGA) e socialistas (PSOE).
- **Conflito catalán:** Proclamación da "República Catalá como Estado integrado na Federación Ibérica", por Francesc Macià (ERC).
 - Tras negociacións, desiste a cambio dun goberno rexional (Generalitat) e a tramitación dun Estatuto.

3. Contexto e dificultades iniciais

- **Internacional:** Contexto desfavorable polo auxe do **autoritarismo e os fascismos** en Europa.
- **Económica:** España sofre as consecuencias indirectas da **crise de 1929**, con aumento do desemprego e contracción das exportacións.
- **Social:** Forte **polarización** e axitación laboral pola impaciencia das clases populares ante as reformas e a resistencia dos sectores conservadores.
- **Oposición:** Hostilidade de sectores tradicionais como a **xerarquía eclesiástica**, sectores do **Exército** e a dereita monárquica.